



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

correo@boqueixon.es

C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Adquisición dunha desbrozadora de brazo para o proxecto denominado Conservación medioambiental 2016

Con data 31 de maio de 2016, ten entrada no concello a resolución da Dirección Xeral de Administración Local onde conceden unha axuda de 30.920,00 euros para o proxecto denominado Conservación medio ambiental 2016. Do importe total, 19.000,00 euros destinaranse a gastos de funcionamento e 19.650,00 euros para gastos de investimento.

Dentro do proxecto, inclúese a adquisición dunha desbrozadora de brazo para contar cun equipo moderno para segar, triturar herba, ou arbustos e manter en perfecto estado as beiras das estradas, coa finalidade de manter limpas as zonas e evitar o deterioro e degradación das mesmas.

Polo tanto, para a adquisición da desbrozadora de brazo, contamos cunha subvención de 15.720,00 euros e teremos que xustificar un gasto de 19.650,00 euros, co que a achega municipal será de 3.930,00 euros.

Na partida 414.600.01 hai consignación suficiente para poder facer a correspondente achega municipal.

Urxe a adquisición desta maquinaria ó atoparnos na tempada de máximo traballo para manter limpas as zonas con risco de incendio e rozar as cunetas. A maquinaria que posúe o concello, debido ó uso que ten, está continuamente no taller con reparacións e sae custoso o seu mantemento.

As características que debería cumprir a nova desbrozadora de brazo serían as seguintes:

Serie Profesional

Cabezal profesional entre 1,20 a 1,25 m. con cuchilas sobre grilletes e que tamén poidan levar martelos

Rotor adicional
Alcance total entre 4.50 m. e 5 m.
Refrixerado por aceite
Mandos por sirgas
Barra de luces integrado na máquina
Toma de forza
Enganches adaptados ó tractor
Bomba directa ó rotor

O importe máximo de licitación fíxase en 19.650,00 euros, dos que 3.410,00 corresponde ó IVE.

Tendo en conta as bases de execución do presuposto, o expediente para a adquisición de material inventariable que supere o importe de 3.000 euros e non supere os 18.000 euros, será tramitado a través do servizo de contratación, debendo acreditarse a consulta a 3 empresas e conterá unha proposta de adquisición razoada.

Debido á urxencia no subministro da maquinaria, Resolvo:

A Adquirir unha desbrozadora de brazo coas seguintes características:

Serie Profesional
Cabezal profesional entre 1,20 a 1,25 m. con cuchilas sobre grilletos e que tamén poidan levar martelos
Rotor adicional
Alcance total entre 4.50 m. e 5 m.
Refrixerado por aceite
Mandos por sirgas
Barra de luces integrado na máquina
Toma de forza
Enganches adaptados ó tractor
Bomba directa ó rotor


B Solicitarlle presuposto ás seguintes empresas:

Talleres Sánchez Rey, SC
Lugar O Forte, núm. 27
15881 Boqueixón

Hitraf, SA - Valtra
Avda. Benigno Sánchez Méndez, Km. 1
36590 Vila de Cruces

Hnos. Villar,SL
Lamela - Silleda
36579 Pontevedra

Boqueixón, 21 de xuño de 2016



Rodeiro Tato